



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tif. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES de Fene

CURSO: 2º de BACHARELATO

MATERIA: Historia de España

DEPARTAMENTO: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Ao ser obxecto de exame na **ABAU**, seguiremos as directrices do **Grupo de Traballo de Historia de España** ao respecto.

BLOQUES (12)	PREGUNTAS TEÓRICAS (16)	DEFINICIÓNS (70)
Bloque 1. Prehistoria & Historia Antiga	1-O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais). 2-Os pobos prerromanos da Península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do occidente peninsular). 3-Conquista e romanización (etapas da conquista, organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas). 4-A monarquía visigoda (organización política).	1. Aula Regia 2. Bárbaros 3. Castro 4. Conventus 5. Economía predadora 6. Guerras cántabras 7. Megalitismo
Bloque 2. Historia Medieval	5-Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socioeconómica). 6-Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación). 7-O réxime feudal e a sociedade estamental. 8-As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV).	8. Carta de poboamento 9. Manso 10. Marca Hispánica 11. Mesta 12. Mozárabe 13. Presura 14. Taifas
Bloque 3. Séculos XVI-XVII	9-A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa). 10-A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra). 11-A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía). 12-Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).	15. Converso 16. Gran Armada 17. Mourisco 18. Terzos 19. Unión de Armas 20. Valido 21. Xuntas do Reino de Galicia
Bloque 4. Século XVII	13-O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht). 14-Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. 15-O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial). 16-A Ilustración en España.	22. Antigo Réxime 23. Catastro de Ensenada 24. Decretos de Nova Planta 25. Despotismo Ilustrado 26. Motín de Esquilache 27. Paz de Utrecht 28. Regalismo borbónico

BLOQUES	COMPOSICIÓN HISTÓRICAS (22)	DEFINICIÓN
Bloques 5-8. Século XIX	<p>1-A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica).</p> <p>2-As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>3-A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p> <p>4-A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas).</p> <p>5-A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.</p> <p>6-A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</p> <p>7-A Restauración (retorno da monarquía; constitución de 1876; e vida política).</p> <p>8-A cuestión nacional no último terzo do século XIX.</p> <p>9-A reforma agraria liberal: as desamortizacións.</p> <p>10-Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.</p> <p>11-O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).</p>	<p>29. Afrancesados</p> <p>30. Abdicacións de Baiona</p> <p>31. Caciquismo</p> <p>32. Cantonalismo</p> <p>33. Desamortización</p> <p>34. Encasillado</p> <p>35. Estatuto Real</p> <p>36. Ludismo</p> <p>37. Manifesto dos Persas</p> <p>38. Manifesto de Sandhurst</p> <p>39. Pragmática Sanción de 1830</p> <p>40. Pronunciamento</p> <p>41. Pucheirazo</p> <p>42. Rexeneracionismo</p> <p>43. Sistema de quenda</p> <p>44. Sufraxio censatario e universal</p> <p>45. Tratado de Valençay</p> <p>46. Unión Liberal</p>
Bloques 9-12. Século XX	<p>12-A crise da Restauración, a desarticulación do sistema canovista.</p> <p>13-A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.</p> <p>14-A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).</p> <p>15-O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931).</p> <p>16-As grandes reformas da República.</p> <p>17-A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.</p> <p>18-O franquismo: características e institucionalización.</p> <p>19-O franquismo: as formas de oposición ao Réxime.</p> <p>20-O franquismo: política económica.</p>	<p>47. Agrarismo</p> <p>48. Bienio Negro</p> <p>49. Brigadas Internacionais</p> <p>50. CEDA</p> <p>51. Contubernio de Munich</p> <p>52. Desastre de Annual</p> <p>53. Directorio Militar</p> <p>54. Expediente Picasso</p> <p>55. FAI</p> <p>56. FET das XONS</p> <p>57. Fronte Popular</p> <p>58. Lei para a Reforma Política</p> <p>59. Lexión Cóndor</p> <p>60. Nacional-catolicismo</p> <p>61. Pacto de San Sebastián</p> <p>62. Pactos da Moncloa</p> <p>63. Plan de Estabilización</p> <p>64. Plataxunta</p> <p>65. Sanjurjada</p> <p>66. Sección Feminina</p> <p>67. Semana Tráxica</p> <p>68. Sindicato vertical</p> <p>69. UCD</p> <p>70. Unión Patriótica</p>

2. Criterios de cualificación (indicar os criterios para os tres posibles escenarios)

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos, os contidos mínimos e os criterios de avaliación especificados.

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de **3 avaliacións**. Os alumnos deberán enfrontarse en cada avaliación, como mínimo, a **dúas probas**. A distribución prevista axustarase na medida do posible ao desenvolvemento dos contidos temporalizados por curso e establecidos con anterioridade e ás súas propias incidencias.

Os criterios de cualificación final do alumno/a en cada avaliación, seguirán o seguinte reparto:

- **90% do valor da nota (ata 9 PUNTOS)**: as probas escritas ou os exames, que deberán estar presentes nunha proporción razoable á unidade ou unidades das que se examine o alumnado. Tales probas terán unha estrutura idéntica ao modelo de exame ABAU:
 - **Definición de 4 termos: 2 puntos (ata 0,5 puntos por termo)**. De 6 termos hai que elixir 4 e definilos (extensión máxima 5 liñas por termo). Coa seguinte gradación establecida na rúbrica de avaliación do Grupo de Traballo:
 - **Suspenso (0-0,1)**. Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
 - **Suspenso (0,15-0,2)**. Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
 - **Aprobado (0,25-0,3)**. Coñecementos: resposta básica; Redacción: correcta.
 - **Notable (0,35-0,4)**. Coñecementos: resposta con polo menos unha aclaración adicional (ademais do esixido para o aprobado). Redacción: correcta.
 - **Sobresaliente (0,45-0,5)**. Coñecementos: resposta con polo menos unha precisión a maiores (ademais do esixido para o notable). Resposta correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
 - **Pregunta a desenvolver: ata 3 puntos**. Hai que escoller e responder só a unha das tres opcións (extensión recomendada unha cara de folio - 25/30 liñas). Coa seguinte gradación establecida na rúbrica de avaliación do Grupo de Traballo:
 - **Suspenso (0-0,6)**. Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
 - **Suspenso (0,9-1,2)**. Coñecementos: resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9). Resposta incompleta, que revela a falta de coñecementos (1,2).
 - **Aprobado (1,5-1,8)**. Coñecementos: resposta básica. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
 - **Notable (2,1-2,4)**. Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema, resposta que ademais fai referencia ás cuestións básicas, explica con certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
 - **Sobresaliente (2,7-3)**. Resposta con precisións e aclaracións: resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
 - **Composición de texto histórico: ata 5 puntos**. Coa seguinte gradación establecida na rúbrica de avaliación do Grupo de Traballo:

- **Moi deficiente (0-1).** Resposta en branco (0). A resposta é unha paráfrase dos documentos (1).
 - **Deficiente (1,5-2).** Contidos: xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2). Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
 - **Aprobado (2,5-3).** Contidos: a resposta trata das cuestións sinaladas na información. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
 - **Notable (3,5-4).** Contidos: ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das cuestións. Uso dos documentos: ademais do esixido para o aprobado, na resposta afóndase no comentario dalgún dos documentos propostos. Redacción: correcta e texto coherente.
 - **Sobresaliente (4,5-5).** Contidos: ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das cuestións. Uso dos documentos: ademais do esixido para o notable, analízase en profundidade algún dos documentos. Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.
- **10 % restante (ata 1 PUNTO):** traballo cotián (exercicios e actividades de clase), caderno, lectura (Proxecto Lector), traballos complementarios obrigatorios e voluntarios, interese, participación, voluntariedade, etc.

Asemade, explicase a **estrutura desta proba na ABAU**, destacando a *opcionalidade* nas diferentes cuestións:

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira.

PREGUNTA 1.

RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:

- 1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición) **(2 puntos)**.
- 1.2. Desenvolva un dos catro temas: **(3 puntos)**.

PREGUNTA 2.

ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS (Século XIX) **(5 puntos)**.

PREGUNTA 3.

ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS (Século XX) **(5 puntos)**.

PREGUNTA 4.

ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS (Século XX) **(5 puntos)**.

En cada avaliación puntuarase sobre un **total de 10 puntos** e deberá ter un carácter sumativo e global: **ata 9 puntos** polas probas escritas ou exames e **ata 1 punto** polo traballo restante; conformándose deste xeito o 100 % da nota da avaliación. **A nota mínima para poder aprobar na avaliación é o 5 (Suficiente)**. Non hai unha nota mínima de exame parcial para poder facer media con outro exame dentro dunha avaliación.

A **nota da Avaliación Final** sairá da media aritmética das tres avaliacións e deberá ser **igual ou superior a 5 para poder aprobar**. Nas notas das avaliacións e na nota final as cifras decimais serán “redondeadas” á unidade máis próxima e as puntuacións “coma cinco” serán redondeadas á unidade seguinte. A **nota da Avaliación Ordinaria** deberá ser igual ou superior á da 3ª Avaliación, nunca inferior, e incluso pode ser que a cualificación non varíe entre as mesmas.

Para os alumnos que non acaden na avaliación final unha nota **igual ou superior a 5** haberá un **exame final** no que poderán recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións suspensas. Nesta proba escrita entrará como materia de exame as avaliacións enteiras en bloque (sen división en parciais) que correspondan. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse ao exame extraordinario de xuño.

Tamén se contempla a posibilidade de facer un exame para *“subir nota”* para aqueles alumnos que o desexen e que seguirá o *modelo ABAU* e entrarán *“cuestións e exercicios explicados en clase das 3 avaliacións”*. No caso de que o alumno non mellore a súa nota media final, quedaralle a que xa tiña con anterioridade a esta proba.

En canto aos criterios de corrección dos exames sinalar os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas indícarase a puntuación máxima que se pode obter.
- No caso de que un **alumno teña copiado nalgún exame** e tal circunstancia fora obxectivamente comprobada e demostrada polo profesor, terá un 0 nesa proba ou exame. Esta cualificación de 0 fará media co resto de probas da avaliación.
- No caso de que un **alumno teña copiado na recuperación do exame final en maio ou na avaliación extraordinaria de xuño**, suspenderá esa recuperación e a nota desa avaliación será a mínima que marque a lexislación vixente.
- No caso de que un **alumno teña copiado no exame para “subir nota”**, anularáselle o exame e quedaralle a nota que xa tiña con anterioridade a esta proba.
- EN TODA A PROBA e **ata 1 punto** na nota final, consideraranse elementos de ponderación a calidade da redacción, a corrección gramatical e ortográfica (isto é, 20 faltas ortográficas descontarán ata 1 punto, e 1 falta ortográfica ata 0,05 puntos).

Proba de xuño

Aqueles alumnos que ao chegar ao final de curso non acadasen os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar na convocatoria de xuño unha **proba extraordinaria**. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

O aprobado nesta proba significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia e uns contidos mínimos razoables nas respostas por parte do alumnado.

2.1. Escenario presencial

Este escenario consistiría en desenvolver a **actual PXD** para este curso académico 2021-22 no seu **cumprimento íntegro**, na medida do posible e que o permitan as circunstancias académicas e/ou sanitarias.

A **nota da avaliación** obtense da aplicación dos actuais criterios de cualificación das diferentes asignaturas.

2.2. Escenario semipresencial

Se se adopa esta medida da **semipresencialidade** (alternancia de pequenos grupos presenciais co resto do alumnado da clase na casa), non implicaría unha redución dos estándares de aprendizaxe sempre que se cumpra o 75 % da programación. Si implicaría unha **selección significativa** por parte dos profesores de área dos estándares de aprendizaxe.

A **nota da avaliación** obtense a partir nunha porcentaxe na que se combinaría a nota dos exames/probas escritas presenciais, pero non simultáneas para toda a clase, co traballo do alumno na casa.

2.3. Escenario confinamento

Este escenario implica unha **reducción selectiva** dos estándares de aprendizaxe por curso e temporalizados por avaliacións. Se se produce esta circunstancia social e educativa implicaría que o 100 % da nota da avaliación sería o traballo telemático do alumnado desde casa a través de diferentes medios (e-mail, plataformas e aulas virtuais...); e dependería de cando se aplique dentro do trimestre en cuestión, a **nota da avaliación** obteríase a través dunha **media ponderada** entre o período presencial e o de confinamento.